

Alfredo Marcos
ARISTÓTELES, O
mestre dos que
saben, Baía.

Ás veces os estudosos da filosofía, no seu afán de presentarnos iso que chaman un 'coñecemento puro', empéñanse en separar por completo o pensamento da persoa.

Pero as persoas, aínda as máis sisudas e independentes, non poden vivir de costas ás condicións históricas do seu tempo, nin ós pensamentos que xorden totalmente desvinculados dos avatares da propia filosofía.


Este libro non pretende rastrexar as pegadas dos proxectos e frustracións, desexos e paixóns de Aristóteles na concreción do seu pensamento, nin sinalar os motivos específicos polos que determinadas circunstancias históricas influíron na orientación da filosofía aristotélica. A súa pretensión parece, de partida, máis modesta, pero é ao cabo máis ambiciosa: servir como lectura inicial para os lectores máis novos, en especial para o alumnado de bacharelato. Escrita nun estilo ameno, áxil e desenfadado, facilitará o achegamento a unha persoa de carne e óso, que tivo ilusións e desenganos, que cultivou a amizade e o amor e, ate o fin da súa vida, unha paixón desmesurada polo saber.

F. Pelayo, Darwin, de la creación a la evolución, Nivola

Unha biografía de Charles Darwin, probablemente un dos científicos-pensadores máis influentes dende o século XIX.

Coa súa obra *A orixe das especies*, Darwin causou unha conmoción coa súa teoría da evolución: dende a noite dos tempos, os ser humano influído polas Sagradas

Escrituras asumía que os seres vivos foran creados pola intervención directa de deus e, polo tanto, que as especies eran fixas. A revolucionaria teoría da evolución das especies sobrepasou o ámbito científico e repercutiu en tódalas ordes da sociedade. O profesor Francisco Pelayo, doutor en bioloxía e investigador do CSIC, tráenos unha biografía na que poderemos comprobar ate que punto a vida e o descubrimento científico se atopan entrelazados.




IES FERNANDO BLANCO

Guía de lectura


4º Eso

Bacharelato e Ciclos



maio 2008

bibliofernandoblanco.blogspot.com



Diego Ameixeiras, *Tres segundos de memoria*, Xerais.


O último premio Xerais opta pola novela testemuño e así mesmo por darlle a alternativa a unha nova xeración de escritores.

A novela articulase nuns setenta fragmentos que son outros tantos momentos da vida do seu protagonista, un rapaz de arredor de trinta anos que, malia a súa boa formación, non atopa traballo -nin sequera, como dixemos enriba, chega á categoría de mileurista, pois só gaña un soldo de 300 euros nun traballo temporal- e vese obrigado a ir tirando como pode, sen conseguir unha vivenda de seu e para remate, ante a perda do traballo, ten que pasar pola frustración de volver para a casa dos pais, pois nin un alugueiro módico é quen de pagar. O protagonista, en primeira persoa, vainos ofrecendo a través deses setenta retallos significativos da súa vida o retrato de toda unha xeración, a dos rapaces nados no remate dos setenta ou nos primeiros oitenta do século pasado, que hoxe andan polos vinte e cinco ou trinta anos. Son a xeración dos que tiveron acceso máis doado a unha boa formación, mesmo á universidade. Gozaron de nenos e rapazolos nas casas familiares dunha incipiente sociedade consumista. Mais, supetamente, ao seren adultos, mesmo con carreiras prometedoras noutro tempo, acabaron no traballo precario ou no paro.

A. Fernández Paz., *O único que queda é o amor*, Xerais.

Dez fermosos relatos sobre distintos tipos de amor: amores adolescentes, amores platónicos ou imposibles, amores eternos, máis alá da morte, amores reais ou soñados ... e, sobre todo amor aos libros e ás mil maneiras de falar de amor a través da poesía e da prosa. A súa lectura ábrenos portas a outros autores como Auster, Valente, Yeats, Neruda ou Salinas.

O libro está ilustrado por Pablo Auladell.



Rafael Dieste, *Dos arquivos do trasno*.


Vinte relatos nos que Dieste trata con modernidade a presenza **do sobrenatural no mundo popular**.

"O conto é o remuíño que fan arredor dunha lámpada moitas

bolboretas, todas mergulladas na mesma luz". Esta é unha das sentenzas que no limiar do libro dá Dieste sobre a súa forma de entender o relato. E presenta a continuación contos breves, intensos, de linguaxe estilizada, nos que o sobrenatural e o misterioso se introducen na realidade. Un anticipo do realismo máxico situado nas vilas mariñeiras de Galicia

Julia Navarro, *La hermandad de la Sábana Santa*, Debolsillo.

Un incendio na catedral de Turín, onde se venera a Saba Santa, e a morte nel dun home ao que cortaran a lingua son os detonantes dunha trepidante investigación policial do Departamento de Arte, capitaneado polo detective Marco Valoni. Unha trama que ten como nexo de unión a unha elite de homes de negocios, cultos, refinados e moi poderosos. Coa historia e a imaxinación como elementos de partida, Julia Navarro construíu unha novela que deixa ao lector sen alento, que abre as portas a unha fascinante viaxe polo pasado, o presente e as insospeitadas relacións entre ambos. Unha narración que sorprende en cada páxina, unha cegadora novela de aventuras.



RAY BRADBURY, *FAHRENHEIT 451*, Xerais

Fahrenheit 451 é a temperatura á cal nun libro prende o lume e arde. Guy Montag é bombeiro, pertence ao Departamento do Lume que persegue os disidentes que se atreven a ler, e o seu traballo consiste en queimar libros, que están prohibidos e son fonte de discordia e infelicidade. Montag séntese desgraciado: os seu matrimonio está en crise. Acaso hai libros agochados na súa casa?

Un clásico da literatura do século XX, antiutopía en que os libros están prohibidos e un grupo secreto de libros vivos se esforzan en transmitir de boca en